

|  |                  |
|--|------------------|
| <b>CIGARROS ELECTRÓNICOS: ANTECEDENTES E SITUACIÓN EN GALICIA.....</b>           | <b>páxina 1</b>  |
| <b>ENFERMIDADE PULMONAR GRAVE ASOCIADA AOS CIGARROS ELECTRÓNICOS (EPCE).....</b> | <b>páxina 7</b>  |
| <b>SUPERVIVENCIA DAS MULLERES DIAGNOSTICADAS POLO PGDPCM DE 1993 A 2016.....</b> | <b>páxina 13</b> |

## **CIGARROS ELECTRÓNICOS: ANTECEDENTES E SITUACIÓN EN GALICIA**

**Antecedentes.** Os primeiros cigarros electrónicos aparecen no mercado chinés no ano 2003, como unha axuda para deixar de fumar e unha alternativa “saudable” ao cigarro convencional<sup>1</sup>. En abril e en agosto de 2006 introdúcese, respectivamente, en Europa e Estados Unidos, país onde a partir de 2007 aumentan as súas vendas notablemente. A entrada das compañías tabaqueiras no negocio dos cigarros electrónicos xunto coa disxuntiva de regulalos como produto do tabaco ou produto farmacéutico fixo necesaria, desde unha perspectiva poboacional, a vixilancia do seu uso e dos seus efectos a curto-medio e longo prazo, apoiándose no principio de precaución que debe rexer á hora de valorar os efectos dun produto de recente introdución no mercado.

Baixo o termo cigarro electrónico inclúense diferentes dispositivos que permiten inhalar ou vapear os aerosois producidos que, xeralmente, conteñen nicotina e outros aditivos como as substancias que elixen os usuarios para aromatizalos e darlles sabor (e-líquidos)<sup>2</sup>. Os primeiros cigarros electrónicos imitaban en aspecto aos cigarros convencionais, se ben hoxe en día teñen un deseño diferente e incluso dispoñen de conexión bluetooth que permite facer un seguimento do vapeo. Aproximadamente o 50% do mercado estadounidense ocúpalo os dispositivos JUUL<sup>3,4</sup> (Grupo Altria-Malboro), que, con aparencia de USB, actívanse directamente coa respiración e empregan recambios precargados (pods) de diferentes sabores e contido en nicotina<sup>5</sup>, tendo os últimos modelos conexión bluetooth. En España, aínda que estes dispositivos están comercializados, é máis popular o Blue (Imperial Brands-Fortuna) que, desde a súa introdución no mercado europeo en 2014, ofrece produtos semellantes aos dispositivos JUUL. Tamén hai no mercado outros dispositivos como os IQOS (Grupo Altria-Malboro), que na súa publicidade trata de afastarse dos cigarros electrónicos. Estes dispositivos quentan unidades de tabaco especificamente deseñadas e, segundo a propia marca, a diferenza dos cigarros electrónicos non se pode modificar o seu sabor nin engadir substancias.

Cando se introduciron os cigarros electrónicos no mercado moitos valoraron como positivo o cambio que suporía pasar dos cigarros convencionais aos electrónicos, tanto polos seus menores efectos prexudiciais como pola menor exposición a substancias tóxicas<sup>6</sup>. Aínda que a principal motivación da poboación adulta para o uso de cigarros electrónicos é deixar ou reducir o consumo de tabaco<sup>7</sup>, ata o de agora, non se demostrou que o uso de cigarros electrónicos facilite o abandono<sup>6</sup>. Hai estudos que indican que o uso de cigarros electrónicos aumenta os intentos para deixar de fumar e reduce o consumo de tabaco, pero que tamén aumenta o número de recaídas<sup>8</sup>.

O Eurobarómetro realizado en 2017 apunta que a prevalencia de uso de cigarros electrónicos máis alta dáse entre os adolescentes e adultos novos, que en maior medida refiren como a súa motivación para usalos a liberdade para poder empregalos en lugares públicos<sup>7</sup>. Isto afástase do propósito inicial de redución de danos, ampliando o mercado a non fumadores. Ademais, comprobouse que os non fumadores que usan cigarros electrónicos teñen maior probabilidade de fumar no futuro<sup>9</sup>, xa que segundo sinala a Unión Europea, os cigarros electrónicos imitan e banalizan o acto de fumar<sup>10</sup>.

En agosto de 2019 publicouse en Estados Unidos unha alerta sanitaria debida ao aumento do número de casos e mortes por unha enfermidade pulmonar inespecífica. Desde o principio apuntouse cara a posible asociación co uso de cigarros electrónicos, xa que era aparentemente o único antecedente epidemiolóxico común para todos os casos tanto de enfermidade como de morte<sup>11</sup>. O abrocho, que se comenta máis polo miúdo noutro informe deste número do BEG segue en estudo, e recentemente notificouse o primeiro caso en Europa, nun paciente de 18 anos de Bélxica<sup>12</sup>, e en Asia, unha muller de 16 anos en Filipinas<sup>13</sup>.

**Lexislación.** Outro dos aspectos que se deben destacar en relación cos cigarros electrónicos é o seu marco lexislativo. A regulación que rodea ao tabaco foi avanzando en España de forma notable nas últimas décadas, cara a leis que limitan o consumo e a exposición ao fume ambiental de tabaco e que están claramente orientadas á protección poboacional. En España, a venda de cigarros electrónicos comeza en 2006 a través de internet<sup>14</sup>. Segundo a información de distintas páxinas web<sup>15</sup> e da asociación de vapeadores de España, a venda de cigarros electrónicos mostrou o seu máximo crecemento en 2011 tras a aprobación da Lei 42/2010 que modificou á Lei 28/2005. No artigo 3, parágrafo 2 da Lei 28/2005 prohíbese a venda de produtos que imiten o acto de fumar a menores de 18 anos, o que compromete a venda de cigarros electrónicos aos menores de idade, se ben en ningunha destas leis se nomean os cigarros electrónicos de forma explícita<sup>16,17</sup>.

Despois de 2010 publicáronse leis reguladoras da etiquetaxe dos produtos de tabaco (orde SCO 127/2004), da venda de tabaco a través das máquinas expendedoras ( RD-Lei 2/2006 e Lei 25/2009), e sobre o contido de nicotina e alcatrán (RD 639/2010), sen mencionar aos cigarros electrónicos. En marzo de 2014 menciónanse por primeira vez nas disposicións adicionais 12 e 13 da Lei 3/2014<sup>18</sup>. Esta lei refírese aos cigarros electrónicos como “artigos ou dispositivos susceptibles de liberación de nicotina e produtos similares” e, a partir da publicación desta Lei, prohíbese o seu uso en edificios da administración pública, centros sanitarios e docentes (fóra dos exclusivamente universitarios), transporte público e parques infantís. Ademais, prohíbese a súa publicidade durante a emisión de programas destinados a menores de 18 anos e 15 minutos antes ou despois dos mesmos, así como en radio e televisións entre as 16 e 20 horas. Tamén se prohíbe a distribución de mostras, gratuítas ou non, a menores de 18 anos.

En abril de 2014, a Unión Europea publica a Directiva europea 2014/40/UE<sup>10</sup>, que regula os puntos de venda e o contido dos cigarros electrónicos. No artigo 20 desta directiva trátase a regulación do contido, envasado e etiquetaxe dos líquidos e recargas dos cigarros electrónicos. Nesta Directiva, de obrigada transposición polos estados membros da Unión Europea, esíxese aos estados a regulación da publicidade e rexistrar as vendas e o perfil dos usuarios. Con todo, dá liberdade aos estados membros sobre o uso de aromatizantes e sobre a definición de espazos libres de fume. Propón como prazo para implantar e lexislar adaptándose a esta directiva ata o 20 de outubro de 2016. España, que se demorou ata xuño de 2017 en traspoñer a directiva europea, fíxoo a través do Real Decreto (RD) 579/2017 que regula a fabricación e comercialización de produtos de tabaco e relacionados<sup>19</sup>.

Como se demanda na normativa europea, neste RD esíxese que os produtos susceptibles de liberación de nicotina (cargados ou non) proporcionen na súa etiquetaxe datos do fabricante, descrición do produto, recarga, dosificación e efectos adversos. A través deste RD establécese que o líquido que contén a nicotina só pode ser comercializado en envases cuxo volume non sexa superior a 10 mililitros (ml), e os depósitos desbotables ou cartuchos dun só uso (pods) non deben superar os 2 ml. Estes envases non poden conter máis de 20 mg/ml de nicotina (en Estados Unidos a marca JUUL comercializa pods de ata 59 mg/ml). Ademais, estes líquidos non poden conter vitaminas nin aditivos enerxizantes, como cafeína ou taurina, nin produtos considerados carcinóxenos, mutaxénicos ou retrotóxicos. Non se lexisla sobre os aromatizantes, e queda prohibida a venda transfronteiriza a través de internet dos produtos de tabaco e dos dispositivos

susceptibles de liberación de nicotina. En relación co rexistro de fabricantes, importadores e distribuidores de dispositivos de liberación de nicotina e envases de recarga, os vendedores destes produtos deberán dispoñer dun sistema de recompilación de posibles efectos adversos, e deberán informar sobre o volume de vendas, marca e tipo de produto consumido. Esta comunicación realizarase con carácter anual dentro do primeiro trimestre de cada ano ao Portal da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación do Ministerio de sanidade, GESTABRE; se ben este portal, a día de hoxe, aínda non está habilitado.

**Epidemioloxía do uso en Europa e España.** Desde 2014, os cigarros electrónicos fóronse adaptando ao mercado e, a pesar de que diminuísen o número de tendas onde se venden produtos para vapear, o seu consumo non deixou de crecer<sup>20</sup>, especialmente entre a poboación nova e adultos fumadores.

Os primeiros datos dispoñibles sobre o uso de cigarros electrónicos en Europa proporciónaos o Eurobarómetro realizado en 2010<sup>21</sup>. Na enquisa preguntouse se se probaran produtos con nicotina que non fosen tabaco e, entre os exemplos, incluíronse os cigarros electrónicos sen tabaco. Non foi ata 2012 cando no Eurobarómetro se preguntou de forma específica polo uso do cigarro electrónico e dispositivos similares (e-sisha, e-hookak) nunha enquisa europea<sup>22</sup>. Estimouse que o 5% da poboación europea de 15 anos e máis probara algunha vez o cigarro electrónico e o 1% usábanos de forma regular. En España estas porcentaxes situáronse no 3% e no 1%, respectivamente. Nos Eurobarómetros de 2015 e 2017 ademais de polo consumo actual preguntouse polo pasado, pola frecuencia de uso en función de se o cigarro electrónico contiña ou non nicotina e polos motivos asociados ao uso<sup>23-24</sup>. En 2017 a porcentaxe de uso de cigarros electrónicos en Europa era do 15% e o uso regular do 2%. En España esta porcentaxe foi do 9% e do 1%, respectivamente. En 2017, o país europeo cunha prevalencia de uso de cigarros electrónicos máis alta era Reino Unido.

En España, ademais do Eurobarómetro, a Enquisa sobre alcohol e outras drogas (EDADES) dirixida a maiores de 15 anos e a Enquisa sobre uso de drogas en Ensinos Secundarios (ESTUDES) dirixida a estudantes de 14 a 18 anos achegan datos sobre o uso de cigarros electrónicos. A Enquisa Nacional de Saúde (ENSE), a última dispoñible é de 2017, non incluíu ningún ano preguntas relacionadas co uso de cigarros electrónicos<sup>25</sup>.

A partir dos datos da enquisa EDADES estimouse que en 2015 o 6'8% da poboación española usara algunha vez o cigarro electrónico<sup>26</sup>, na enquisa de 2017 esta porcentaxe era do 8'8% e estimouse no 0'9% a prevalencia de uso diario de cigarro electrónico na poboación de 15 a 64 anos, e do 1'4% se se restrinxía a análise á poboación de 15 a 24<sup>27</sup>. A prevalencia de uso de cigarros electrónicos algunha vez na vida diminúe a medida que avanza a idade, así no grupo de 15 a 24 anos usaran cigarro electrónico en 2017 o 13'0%, mentres no de 55 a 64 anos usáranos o 5'6%.

Entre os estudantes de 14 a 18 anos, ESTUDES estimou en 2014 no 17'0% a prevalencia de uso de cigarros electrónicos algunha vez na vida<sup>28</sup>, en 2016 esta prevalencia era 20'1%<sup>29</sup>, e en 2018 situouse no 48'4%<sup>30</sup>. Neste último ano, ao ter en conta a distribución por sexo e idade, son os homes de 16 anos cun 57'0% e as mulleres de 18 cun 47'7% os que maior prevalencia de uso presentaban. En 2018 o 67'1% dos usuarios de cigarros electrónicos usaban cartuchos sen nicotina. En 2016 observouse que o 1'8% dos estudantes de 14 a 17 anos que consumiran cannabis nos últimos 30 días fixéranos usando cigarros electrónicos; en 2018 esta prevalencia aumentaba ao 5'4%.

Estudos puntuais estiman que en 2014 o 6'5% da poboación de 16 anos en diante residente en Barcelona usara cigarros electrónicos algunha vez na vida, o 1'6% usábaos de forma habitual, o 2'2% fixéranos no pasado e o 2'7% recoñecía experimentar con eles<sup>31</sup>. Do mesmo xeito que nas enquisas realizadas no conxunto de España, este estudo mostra que os homes menores de 44 anos fumadores de cigarros electrónicos convencionais son os que presentan maior prevalencia de uso de cigarros electrónicos.

**Epidemioloxía do uso en Galicia.** En Galicia dispónse de información sobre o uso de cigarros electrónicos desde 2014 a través do Sistema de Información sobre Condutas de Risco (SICRI)<sup>32</sup>. A prevalencia de uso actual de cigarros electrónicos en Galicia nos anos 2014, 2015 e 2018, era do 0'7% en calquera dos anos (2014: IC<sub>95%</sub>: 0'5-0'9; 2015: 0'5-0'8; 2018: 0'5-0'9). No ano 2017 a prevalencia foi do 0'3% (IC<sub>95%</sub>: 0'2-0'4). A prevalencia de uso foi, en calquera dos anos, máis alta nos homes.

son de declaración obrigatoria urxente ao SAEG todos os casos de enfermidade con:  
Febre > 38º C, exantema máculo-papular e: tose ou rinite ou conxuntivite.

Táboa 1. Prevalencia (%) de uso actual e de uso algunha vez na vida de cigarros electrónicos en Galicia de 2014 a 2018 por grupo de idade. Non se inclúe o grupo de 65 e máis anos de idade porque nel as prevalencias son virtualmente nulas (uso actual) ou menores do 1% (uso algunha vez na vida).

| Idade<br>(en anos) | Uso actual |           |           |           | Uso algunha vez na vida |            |            |             |
|--------------------|------------|-----------|-----------|-----------|-------------------------|------------|------------|-------------|
|                    | 2014       | 2015      | 2017      | 2018      | 2014                    | 2015       | 2017       | 2018        |
| <b>16-24</b>       | 0'8%       | 1'0       | 0'6       | 2'1%      | 7'8%                    | 10'1       | 8'9        | 14'6%       |
| <b>IC95%</b>       | (0'4-1'2)  | (0'6-1'5) | (0'2-0'9) | (1'5-2'8) | (6'6-9'0)               | (8'7-11'5) | (7'6-10'2) | (13'0-16'1) |
| <b>25-44</b>       | 1'1%       | 1'2%      | 0'4%      | 1'0%      | 6'1%                    | 8'4        | 8'0        | 9'1%        |
| <b>IC95%</b>       | (0'6-1'6)  | (0'7-1'7) | (0'1-0'6) | (0'6-1'5) | (5'0-7'1)               | (7'2-9'7)  | (6'8-9'2)  | (7'8-10'4)  |
| <b>45-64</b>       | 0'8%       | 0'6%      | 0'4%      | 0'6%      | 3'0%                    | 5'0%       | 5'4%       | 5'7%        |
| <b>IC95%</b>       | (0'4-1'1)  | (0'3-1'0) | (0'1-0'7) | (0'2-0'9) | (2'3-3'8)               | (4'0-5'9)  | (4'4-6'4)  | (4'7-6'7)   |
| <b>Global</b>      | 0'7%       | 0'7%      | 0'3%      | 0'7%      | 3'7%                    | 5'3        | 5'1        | 6'0%        |
| <b>IC95%</b>       | (0'5-0'9)  | (0'5-0'8) | (0'2-0'4) | (0'5-0'9) | (3'3-4'2)               | (4'8-5'8)  | (4'6-5'6)  | (5'5-6'6)   |

*Prevalencia de uso actual.* En Galicia, na poboación de 16 a 24 anos obsérvase un aumento da prevalencia de uso de cigarros electrónicos [2014: 0'8% (IC<sub>95%</sub>: 0'4-1'2); 2018: 2'1% (IC<sub>95%</sub>: 1'5-2'8)], máis acusado nos homes [2014: 0'9% (IC<sub>95%</sub>: 0'3-1'5); 2018: 3'0% (IC<sub>95%</sub>: 1'9-4'1)] que nas mulleres [2014: 0'7% (IC<sub>95%</sub>: 0'2-1'3); 2018: 1'2% (IC<sub>95%</sub>: 0'5-1'8)]. Nos grupos de idade de 25 a 44 anos e de 44 a 64 anos, a prevalencia de uso permanece estable nos diferentes anos con valores próximos ao 1%, sendo máis alta entre os homes. Na poboación de 65 anos e máis a prevalencia é virtualmente nula (Táboa 1 e Figura 1).

*Prevalencia de uso de cigarros electrónicos algunha vez na vida.* A prevalencia de uso de cigarros electrónicos algunha vez na vida (Táboa 1 e Figura 1) pasou do 3'7% (IC<sub>95%</sub>: 3'3-4'2) en 2014 ao 6'0% (IC<sub>95%</sub>: 5'5-6'6) en 2018. Este aumento obsérvase en todos os grupos de idade, excepto no grupo de 65 e máis anos no que non supera en ningún ano o 1%. As razóns de prevalencia 2018/2014 son de 1'9 nos grupos de 16 a 24 e de 45 a 64 e de 1'5 entre os 25-44 anos.

A prevalencia de uso algunha vez na vida é máis alta entre os homes, tanto en global como por idade. Nos homes de 16 a 24 anos obsérvase a prevalencia de uso máis alta [19'9% (IC<sub>95%</sub>: 17'4-22'4)] e a diferenza entre sexos máis acusada (10 puntos porcentuais) [8'9% (IC<sub>95%</sub>: 7'1-10'7)].


*Prevalencia de uso pasado de cigarros electrónicos.* A prevalencia de uso no pasado, i.e. exfumadores de cigarros electrónicos, pasou do 3'0% (IC<sub>95%</sub>: 2'6-3'4) en 2014 ao 5'4% (IC<sub>95%</sub>: 4'8-5'9) en 2018. A prevalencia máis alta obsérvase nos homes para calquera ano a estudo, así en 2018 entre os homes foi do 6'4% (IC<sub>95%</sub>: 5'6-7'1) fronte a un 4'4% (IC<sub>95%</sub>: 3'8-5'1) nas mulleres. A prevalencia aumenta en todos os grupos de idade, excepto no grupo de 65 e máis anos no que non supera o 1%. As razóns de prevalencia 2018/2014 son de 1'8 nos grupos de 16 a 24 e de 25 a 44 anos e de 2'3 entre os 45-65 anos.

**Comentario.** O uso de cigarros electrónicos e de tabaco sen combustión é, en global, minoritario entre os galegos. Aínda que na poboación de 16 a 24 anos apreciase un aumento na prevalencia de uso de cigarros electrónicos. As medidas de vixilancia do consumo, e mesmo dos efectos sobre a saúde, deben manterse e sería recomendable estudar polo miúdo o uso en menores de 16 anos.



son de declaración obrigatoria urxente ao SAEG todos os casos de enfermidade con:  
Febre > 38º C, exantema máculo-papular e: tose ou rinite ou conxuntivite.

Figura 1. Prevalencia (%) de uso actual e de uso algunha vez na vida de cigarros electrónicos en Galicia de 2014 a 2018 por sexo na poboación de 16 e máis anos de idade e na de 16 a 24.



## Referencias.

- National Center for Chronic Disease Prevention and Health Promotion (US) Office on Smoking and Health. E-Cigarette Use Among Youth and Young Adults: A Report of the Surgeon General. Atlanta (GA): Centers for Disease Control and Prevention (US); 2016. Dispoñible en : [ligazón](#).
- Yingst JM et al. Factors Associated With Electronic Cigarette Users, Device Preferences and Transition From First Generation to Advanced Generation Devices. *Nicotine Tob Res* 2015; 17: 1242–6.
- King BA et al. Electronic Cigarette Sales in the United States, 2013–2017. *JAMA* 2018; 320: 1379–80.
- Brett E et al. A content analysis of JUUL discussions on social media: Using Reddit to understand patterns and perceptions of JUUL use. *Drug and Alcohol Depend* 2019; 194:3 58–62
- Kavuluru R et al. On the popularity of the USB flash drive-shaped electronic cigarette Juul. *Tob Control*. 2019;28:110–2.
- National Academies of Sciences, Engineering, and Medicine 2018. Public Health Consequences of E-Cigarettes. Washington, DC: The National Academies Press.
- Bunch K et al. Motivation and main flavour of use, use with nicotine and dual use of electronic cigarettes in Barcelona, Spain: a cross-sectional study. *BMJ Open* 2018; 8:e018329.
- Gomajee R et al. Association Between Electronic Cigarette Use and Smoking Reduction in France. *JAMA Intern Med* 2019; 179: 1193–1200.

- <sup>9</sup> Primack BA et al. Progression to Traditional Cigarette Smoking After Electronic Cigarette Use Among US Adolescents and Young Adults. *JAMA Pediatr* 2015; 169: 1018-23.
- <sup>10</sup> Directiva 2014/40/UE del parlamento Europeo y del consejo, de 3 de abril, relativa a la aproximación de las disposiciones legales, reglamentarias y administrativas de los Estados miembros en materia de fabricación, presentación y venta de los productos del tabaco y los productos relacionados y por la que se deroga la Directiva 2001/37/CE. DOUE, nº L127, de 29-04- 2014.
- <sup>11</sup> CDC: Outbreak of Lung Injury Associated with the Use of E-Cigarette, or Vaping, Products. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>12</sup> CCAES. Informe de detección de señales y alertas sanitarias. Informe del día 19/11/2019.
- <sup>13</sup> Department of Health. Republic of Philippines. DOH-FDA Receives first PH case report of e-cigarette vape-associated lung injury (EVALI). Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>14</sup> Tarrazo M et al. Cambios en el consumo de tabaco: auge del tabaco de liar e introducción de los cigarrillos electrónicos. *Gac Sanit* 2017; 31: 204-9.
- <sup>15</sup> Nota de prensa: El 95% de las tiendas de cigarrillos electrónicos en España han cerrado. El confidencial. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>16</sup> Ley 28/2005, de 26 de diciembre, de medidas sanitarias frente al tabaquismo y reguladora de la venta, el suministro, el consumo y la publicidad de los productos del tabaco. BOE, 27-12-2005, núm 309.
- <sup>17</sup> Ley 42/2010, de 30 de diciembre, por la que se modifica la Ley 28/2005, de 26 de diciembre, de medidas sanitarias frente al tabaquismo y reguladora de la venta, el suministro, el consumo y la publicidad de los productos del tabaco. BOE, 31-12-2010, núm 318.
- <sup>18</sup> Ley 3/2014, de 27 de marzo, por la que se modifica el texto refundido de la Ley General para la Defensa de los Consumidores y Usuarios y otras leyes complementarias, aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de noviembre. BOE, de 28-03-2014, núm 76.
- <sup>19</sup> Real Decreto 579/2017, de 9 de junio, por el que se regulan determinados aspectos relativos a la fabricación, presentación y comercialización de los productos del tabaco y los productos relacionados. BOE, de 10-06-2017, núm 138.
- <sup>20</sup> Nota de prensa: El negocio fugaz de los cigarrillos electrónicos se recupera. Cronica Global. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>21</sup> European Commission. Special Eurobarometer 332. Tobacco. May 2010. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>22</sup> European Commission. Special Eurobarometer 385. Attitudes of Europeans towards Tobacco. May 2012. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>23</sup> European Commission. Special Eurobarometer 429. Attitudes of Europeans towards Tobacco and electronic cigarettes. May 2015. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>24</sup> European Commission. Special Eurobarometer 458. Attitudes of Europeans towards Tobacco and electronic cigarettes. March 2015. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>25</sup> Ministerio de Sanidad. Encuesta Nacional de Salud 2017. Cuestionario de adultos ([ligazón](#)) e de menores ([ligazón](#)).
- <sup>26</sup> Ministerio de Sanidad. Plan Nacional sobre Drogas. La Encuesta sobre alcohol y otras Drogas, EDADES 2017. Alcohol, tabaco y drogas ilegales en España. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>27</sup> Ministerio de Sanidad. Plan Nacional sobre Drogas. La Encuesta sobre alcohol y otras Drogas, EDADES 2017. Informe 2017-2018. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>28</sup> Ministerio de Sanidad. Plan Nacional sobre Drogas. La Encuesta sobre uso de drogas en Enseñanzas secundarias en España, ESTUDES 2014. Alcohol, tabaco y drogas ilegales en España. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>29</sup> Ministerio de Sanidad. La Encuesta sobre uso de drogas en Enseñanzas secundarias en España, ESTUDES 2016. Alcohol, tabaco y drogas ilegales en España. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>30</sup> Ministerio de Sanidad. Plan Nacional sobre Drogas. La Encuesta sobre uso de drogas en Enseñanzas secundarias en España, ESTUDES 2018. Disponible en: [ligazón](#).
- <sup>31</sup> Martin Sanchez JM et al. *BMJ Open* 2014; 4:e005894.
- <sup>32</sup> DXSP. Sistema de Información sobre Conduas de Risco en Galicia (SICRI). Disponible en: [ligazón](#).